



| | |
|---|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG13101CP | USG/2019/225 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
| | |
| 5O3A 2T0Z 1533 673U 0AHY | |

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 21 DE NOVEMBRO DE 2019

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as dez horas e trinta e tres minutos do día vinte e un de novembro de dous mil dezanove, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Político PSdeG-PSOE:

D^a. MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
D^a. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ALFONSO RICO VEREA
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e da fe do acto a secretaria xeral do Concello, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.



| | |
|---|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG13I01CP | USG/2019/225 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
| | |
| 5O3A 2T0Z 1533 673U 0AHY | |

ASUNTO ÚNICO.- PROPOSTA RELATIVA A CREACIÓN DE CONSELLOS SECTORIAIS

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data 18 de novembro de 2019, que literalmente di:

“PROPOSTA

Visto o disposto no artigo 57 do Regulamento orgánico de participación cidadá, segundo o cal “O Pleno da Corporación poderá acordar o establecemento de Consellos Sectoriais, que terán como finalidade a de canalizar a participación dos cidadáns e das súas asociacións nos asuntos municipais. Os Consellos Sectoriais desenvolverán exclusivamente funcións de informe e, no seu caso, proposta en relación coas iniciativas municipais relativas ao sector de actividade ao que corresponda cada Consello.

Para cada un dos sectores ou áreas de actividade municipal, poderán crearse Consellos Sectorias, que teñan como fin a participación na xestión mediante asesoramento e consulta aos diferentes órganos do Concello nos temas da súa competencia”.

Visto que o artigo 59 do devandito Regulamento orgánico dispón que o Concello aprobará en sesión plenaria e previo informe da Comisión Informativa que corresponda, a creación e composición dos Consellos Sectoriais que considere adecuados para o fomento da participación cidadá, para cada un dos sectores ou áreas de actividade municipal, tentando reagrupar as mesmas áreas que as Comisións Informativas existentes.

Visto que por Resolución da Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 acordouse crear as áreas de goberno local.

Visto que polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 2 de xullo de 2019 acordouse crear as Comisións Informativas Permanentes

Visto o ditame da Comisión informativa de facenda, patrimonio, administración electrónica, participación cidadá, educación e medio rural adoptado en sesión de data 18 de novembro de 2019

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Crear os seguintes Consellos Sectoriais coa denominación que se indica:

- Consello Sectorial de política social, mocidade, promoción do deporte, desenvolvemento local, cultura, festas, turismo, urbanismo e medioambiente.
- Consello Sectorial de facenda, patrimonio, administración electrónica, participación cidadá, educación, medio rural, obras, servizos e seguridade cidadá.
- Consello Xeral de Participación Cidadá.

Segundo.- os Consellos Sectoriais citados estarán compostos do seguinte xeito:

Consello Sectorial de política social, mocidade, promoción do deporte, desenvolvemento local, cultura, festas, turismo, urbanismo e medioambiente.

- **Presidente:** O Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue.



| | |
|---|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG13I01CP | USG/2019/225 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
| | |
| 5O3A 2T0Z 1533 673U 0AHY | |

- Un/Unha concelleiro/a do grupo político do PsdG-PSOE
- Un/Unha concelleiro/a do grupo político popular
- Un/Unha concelleiro/a do grupo político do BNG
- Un/Unha concelleiro/a do grupo político de Alternativa dos Veciños.
- Un representante por cada unha das seguintes asociacións:

SOCIEDAD CULTURAL Y RECREATIVA DE RUTIS
CENTRO CULTURAL DE ALMEIRAS
SC Y RECREATIVA O BURGO
ASOCIACION CULTURAL Y DEPORTIVA CASTRO-LAXE
PEÑA "O CRUCEIRO DE CELAS"
CORAL FONTE DO SOUTO
ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA ANCORADOIRA
ASOCIACIÓN FOLCLÓRICA CATALMIBRE
ASOCIACIÓN CULTURAL OS MALANDROS
COMPAÑIA DE TEATRO EL RUISEÑOR
ASOCIACIÓN VECIÑOS SÉSAMO
ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DE FONTECULLER
ASOCIACIÓN CULTURAL Y RECREATIVA O PUENTE DE BOEDO

C.I.F. P-1503100-H

CLUB NATACIÓN CULLEREDO
CLUB AGUAMARINA SINCRO
AD TIRO CON ARCO LA GARROCHA
AD CULLEREDO
BM CULLEREDO
AD XOGOS DA AMISTADE
SPORTING BURGO
CB CULLEREDO
CLUB BALONCESTO FUNDACIÓN
OLÍMPICO DE RUTIS
SPORT SALA CULLEREDO
UDJ ALMEIRAS
AD E TEMPO LIBRE A PEDROSA
JUDO CLUB CULLEREDO
PORTAZGO SD
COORS FS
CLUB DEPORTIVO FONTE MAIOR
CLUB DEPORTIVO TEAM A.C.T.
CLUB DEPORTIVO NO SPORT LIMIT
CLUB DE CHAVE HACEADAMA
PEÑA MADRIDISTA SAN MIGUEL
CLUB DE MONTAÑA O CARROUCHO
SOCIEDAD DE CAZA SAN MIGUEL
ASOCIAC. C. O XISMO
CLUB CHAVE PEIRO
ACR O LAGARTO LEDOÑES
AD RIAS ALTAS
A. CLUBES DE FUTBOL VETERANOS
CD MONTEESPIÑO
PEÑA DEPORTIVISTA TORRE DE CELAS



| | |
|---|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG13I01CP | USG/2019/225 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
| | |
| 5O3A 2T0Z 1533 673U 0AHY | |

MOTOCUB CULLEREDO
A. CASTELO DEPORTE
CLUB CHAVE PORTAZGO BRAVÚ
CLUB PATINAJE AURA
CLUB NATACIÓN AS MARIÑAS
CLUB ATLETAS DE ACEA DE AMA
CLUB KARATE LN
AGRUP. DEP. GALLEGA DARDOS
C. NAUTICO DEP. RIA DO BURGO

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE CULLEREDO
ASOCIACIÓN DE COMERCIO DE CULLEREDO

AFADIPS (Asociación de familiares de persoas con discapacidade intelectual pola promoción social)
AGAXFRA (Asociación galega de síndrome x-fráxil)
ANHIDA (Asociación de nenos con déficit de atención con/sen hiperactividade)
APEM (Asociación proenfermos mentales de A Coruña)
ASPANAES (Asociación de pais de persoas con trastorno do espectro autista)
DISMACOR (Asociación de pais de nenos e persoas con discapacidade das Mariñas coruñesas)
AGAFEM (Asociación galega de acogimento de familia extensa del menor)
ALCER (Asociación para a loita contra as enfermidades do ril)
ALMA (Asociación apoio á lactancia materna)
MOSAICO ICTUS
ABRENTE (Asociación Abrente de la comunidad de inmigrantes del Puente Pasaje)
ONG MESTURA (Asociación pola integración social das persoas inmigrantes e emigrantes retornadas)
ASGATE (Asociación gallega de técnicos en emerxencias sanitarias)
ASOCIACION DE MULLERES ALANCADA
ASOCIACION DE MULLERES A XECA
ASOCIACION DE MULLERES ROSALÍA DE CASTRO
ASOCIACIÓN DE XUBILADOS E PENSIONISTAS RÍA DO BURGO
ASOCIACIÓN DE MULLERES AS BERENGUELAS
AGAELA (Asociación galega da ELA)

C.I.F. P-1503100-H

- **Secretario/a** (con voz e sen voto): Titular: Isabel Buján Bernardez, xefa do servizo de dinamización, formación e emprego do Concello de Culleredo. Suplente: Nieves García Vázquez, Psicóloga do Concello de Culleredo.

Consello Sectorial de facenda, patrimonio, administración electrónica, participación cidadá, educación, medio rural, obras, servizos e seguridade cidadá.

- **Presidente**: O Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue.
- Un/Unha concelleiro/a do grupo político do PsdG-PSOE
- Un/Unha concelleiro/a do grupo político popular
- Un/Unha concelleiro/a do grupo político do BNG
- Un/Unha concelleiro/a do grupo político de Alternativa dos Veciños.
- **Un representante por cada unha das seguintes asociacións:**

ANPA ROSALÍA DE CASTRO DO CEIP PLURILINGÜE DE TARRÍO



| | |
|---|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG13I01CP | USG/2019/225 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
| | |
| 5O3A 2TOZ 1533 673U 0AHY | |

C.I.F. P-1503100-H

ANPA VILABOA CEIP SOFIA CASANOVA
ANPA CARCABELOS DO CEIP ISAAC DIAZ PARDO
ANPA LA LAGUNA DO CEIP PLURILINGÜE RÍA DO BURGO
ANPA LAVANDEIRA DO CEIP VILA DE RUTIS
ANPA BEIRAMAR DO IES UNIVERSIDADE LABORAL
ANPA A GALERA DO IES BLANCO AMOR
ANPA ÁNCORA DO IES REGO DE TRABE
ANPA O BURGO DO CMUS CULLEREDO
ANPA RÍAS ALTAS
ANPA ACIO DO CPR ANDAINA
ANPA AS BRAÑAS DO CPR A PONTE PASAXE
ASOCIACION CULTURAL E VECIÑAL DE ORRO
ASOCIACIÓN VECINOS OS AMIGOS DA CORVEIRA
ASOCIACION CULTURAL E VECIÑAL O NOSO BURGO
AAVV SUEIRO
AAVV CASTELO
AAVV RIO TRABE
CENTRO SOCIAL LEDOÑÉS
AAVV SÉSAMO
AAVV VAL DE VEIGA
AAVV SANTA MARÍA DE RUTIS
AAVV DE BREGUA
AAVV MONTESPIÑO
AAVV MONTE ALFEIRAN
AAVV VALLESUR
AAVV OS SETE RUEIROS

- **Secretario/a** (con voz e sen voto): Titular: Carlos Alberto Fernández Puyol, xefe do servizo de deportes e participación cidadá do Concello de Culleredo. Suplente: Roberto Babío Fernández, Xefe de servizo de economía e facenda do Concello de Culleredo.

Consello Xeral de Participación Cidadá:

- **Presidente:** O Alcalde
- **Vicepresidenta:** Concelleira delegada da área de participación cidadá, educación e medio rural.
- Un/Unha concelleiro/a do grupo político do PsdG-PSOE
- Un/Unha concelleiro/a do grupo político popular
- Un/Unha concelleiro/a do grupo político do BNG
- Un/Unha concelleiro/a do grupo político de Alternativa dos Veciños.
- Dous (2) representantes das Asociacións de veciños, a proposta deles.



| | |
|---|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG13I01CP | USG/2019/225 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
| | |
| 5O3A 2T0Z 1533 673U 0AHY | |

- Tres (3) representantes do Consello Sectorial de política social, mocidade, promoción do deporte, desenvolvemento local, cultura, festas, turismo, urbanismo e medioambiente.
- Tres (3) representantes do Consello Sectorial de facenda, patrimonio, administración electrónica, participación cidadá, educación, medio rural, obras, servizos e seguridade cidadá.
- **Secretaria:** A Secretaria Xeral da Corporación

Terceiro.- Os Consellos Sectoriais creados terán función de informe e proposta sobre as materias e asuntos relacionados coas seguintes áreas e servizos:

- **Consello Sectorial de política social, mocidade, promoción do deporte, desenvolvemento local, cultura, festas, turismo, urbanismo e medioambiente:** sobre as materias e asuntos das áreas de política social, mocidade e deporte e da área de desenvolvemento local, cultura, festas e turismo, así como dos servizos de urbanismo e medioambiente.
- **Consello Sectorial de facenda, patrimonio, administración electrónica, participación cidadá, educación, medio rural, obras, servizos e seguridade cidadá:** sobre as materias e asuntos das áreas de facenda, patrimonio e administración electrónica e da área de participación cidadá, educación e medio rural, así como dos servizos de obras, servizos, seguridade cidadá e persoal.

O Consello Xeral de participación cidadá terá as funcións e competencias relacionadas no artigo 68 do Regulamento orgánico de participación cidadá.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que se crean tan só tres consellos, sendo un deles o Consello Xeral e no segundo parágrafo da proposta aclárase que para cada un dos sectores ou áreas de actividade municipal poderán crearse Consellos Sectoriais, sendo isto algo potestativo, e no terceiro parágrafo indícase que se poden crear os Consellos para cada un dos sectores ou áreas de actividade municipal, tentando reagrupar as mesmas áreas que as Comisións Informativas, o que quere dicir que non teñen por que agruparse pero que se intentará que se axusten porque o que se busca é a eficacia e que isto funcione, recordando que o grupo político do BNG, xa no mandato anterior, reclamou en varias ocasións que era moi mellorable o funcionamento da participación cidadá a través destes consellos e en particular a través do Consello Xeral que era o que tiña a finalidade de facer propostas para o orzamento; que temos un regulamento de participación cidadá e un regulamento orgánico que establece como a través do consello xeral de participación cidadá se poden facer propostas para o 25% do orzamento; que agora, vendo como vén isto, tarde, mal e arrastro, convocando un pleno extraordinario unha semana antes do pleno ordinario, e varios meses despois de que estea constituída a Corporación, parece que o que se pretende é facer o trámite para que cando se tramite o orzamento haxa un papelíño que diga que se cumpriu con este trámite.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que ao BNG lle gustaría que a participación cidadá non fora un trámite senón unha maneira de poñer en valor ese concepto tan de moda que é o da intelixencia colectiva onde todos aportan cousas que so nun grapiño non se poderían ver, anunciando que o seu grupo vaise abster e que non saben se é operativo agrupar a asociacións de diferentes índoles nos mesmos consellos, comentario que curiosamente xa os que participaron en mandatos anteriores nestes consellos o puideron escoitar dalgunhas asociacións, como que unha asociación de deportes non tiña claro o que facía outro tipo de asociacións,etcétera, desexando éxito e que isto funcione pero dubidan de que o vaia ter estruturando desta forma.



| | |
|---|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG13I01CP | USG/2019/225 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
| | |
| 5O3A 2TOZ 1533 673U 0AHY | |

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía, de data 18 de novembro de 2019, co seguinte resultado:

Votos a favor: 15 (quince) dos sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: 6 (seis) dos sres/as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía, de data 18 de novembro de 2019, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e corenta minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA
Secretaria Xeral
28/11/2019 10:12

C.I.F. P-1503100-H

RIOBOO CASTRO,
JOSE RAMON
Alcalde-Presidente
28/11/2019 10:48